

PROXECTO

II Feira Náutica do Freixo

28 ao 30 de xuño de 2024

Estimad@s compañeir@s:

Mediante esta nota informamos da participación de Culturmar na **II Feira Náutica do Freixo**, que terá lugar do **28 ao 30 de xuño** de 2024, en atención ao interese manifestado polo Concello de Outes para que Culturmar presente unha mostra mariñeira no Porto do Freixo na segunda edición desta Feira.

A participación farase nas condicións que se indican a continuación, e acompañamos tamén a folla de inscrición de embarcacións e tripulacións.

O **prazo de inscrición** comezará co envío deste correo e finalizará o día **6 de xuño**.

➔ INSCRICIÓN DE EMBARCACIÓNS

As embarcacións **desprazaranse polos seus propios medios**, sexa por mar ou por terra (en remolques), para o que se librarán os seguintes **pagos**:

- **319 €** por **barco varado**, até un máximo de **3 barcos** (Mariña Seca).
- **354 €** por **barco de eslora < 6 m**, até un máximo de **5 barcos** (mostra a flote)
- **450 €** por cada **barco de eslora > 6 m**, até un máximo de **3 barcos** (mostra a flote)

Estas cantidades son as que corresponden ao número de embarcacións comprometido co Concello, para unha **estadía de 3 días, desde o venres 28 á mañá ao domingo 30 á tarde**.

No caso de haber máis barcos inscritos para a mostra a flote destinarase unha cantidade adicional para estes de **200 €** por cada **barco de eslora < 6 m** e de **250 €** por cada **barco de eslora > 6 m**, até cubrir un total de 1.000 € suplementares.

Para o cobro das axudas, os colectivos inscritos deberán emitir unha factura en regra a Culturmar polo importe conxunto dos barcos correspondentes, IVE incluído, de ser o caso.

Será responsabilidade das persoas ou colectivos armadores **contar coas medidas de seguridade e documentación en regra para cada barco**.

Os barcos inscritos para a Mariña Seca **deberán contemplar a realización de demostracións das manobras en terra**. No caso dos barcos a flote, **organizaranse tamén visitas guiadas contando coas súas tripulacións** respectivas, consonte o programa que será enviado unha vez conformado definitivamente.

➔ SERVIZOS E LOXÍSTICA

Os xantares e ceas correrán por conta de Culturmar, calculadas a 2 tripulantes por barco en terra ou a flote de eslora < 6 m e 5 tripulantes por barco de eslora > 6 m.

Para **dormir dispórase da lonxa do Freixo**, cedida pola Confraría de Pescadores, na que se instalarán colchonetas. Ademais haberá posibilidade de instalar caravanas ou tendas de campaña.

Para aqueles barcos que se despracen por terra, dispórase dunha **rampla de varada**, así como de **guindastre para barcos que non superen os 1.000 kg de peso**. Os **remolques** disporán dunha **zona para o seu estacionamento** durante os días de estada.

En calquera caso, e para facilitar a chegada e partida dos barcos que se despracen por mar, a **Mariña Tradicional de Muros poderá utilizarse para o amarre de barcos nas datas previas e posteriores** á Feira.

➔ DATAS

As embarcacións inscritas deberán estar no Freixo o **venres día 28 antes do mediodía**, e deberán estar plenamente operativos a primeira hora da tarde, momento en que se inaugurará a Feira. Deberán así mesmo **permanecer como mínimo até o domingo a media tarde**. Este calendario poderá adaptarse para os barcos que veñan por mar en caso de que as condicións meteorolóxicas o aconsellen.

➔ CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos barcos que formarán parte da mostra farase atendendo á **variedade de tipoloxías** e procurando a participación do máximo número de colectivos. Estes criterios poderán mudar no caso de non haber suficientes colectivos interesados ou barcos inscritos.

En caso de haber exceso de barcos inscritos, priorizarase a orde de entrada dos correos de inscrición e o feito de estar ao día nas cotas da Federación.

Os colectivos que desexen inscribirse fóra da mostra oficial poderán facelo cumprimentando igualmente a folla de inscrición.

A inscrición do barco na mostra oficial implica necesariamente a participación da tripulación no programa de mar comprometido co Concello de Outes.

O programa oficial da Feira e o programa de mar en particular será comunicado aos colectivos coa máxima antelación posíbel.

➡ COORDINACIÓN DA EXPEDICIÓN E COMPROMISO DOS COLECTIVOS INSCRITOS

A coordinación xeral da mostra correrá a cargo dun membro da Xunta Directiva de Culturmar ou da Asociación Terra de Outes.

Os barcos e tripulacións participantes forman parte dunha única mostra en representación de Culturmar na II Feira Náutica do Freixo, polo que **todas as persoas que formen parte da mesma deberán asumir o compromiso de participar de xeito activo e colaborativo** nos labores comúns: navegacións oficiais, presenza nos actos institucionais ou protocolarios, colaboración na montaxe e desmontaxe de exposicións, atención ao público visitante e demais actividades propias dunha mostra oficial de Culturmar.

➡ PRAZO DE INSCRICIÓN

A inscrición de barcos e tripulantes farase **enviando a folla adxunta por correo electrónico a secretaria@culturmar.org**

Nesa folla indícase o nome do colectivo, persoa responsábel do grupo, número de membros do colectivo que integran o grupo (incluíndo a persoa responsábel), móbil de contacto, barco inscrito e características principais. **Enviarase ademais, xunto coa ficha, unha fotografía actual do barco con boa calidade.**

Na mesma folla farase constar calquera circunstancia especial que afecte aos barcos ou tripulantes, e que poida ser de interese para a mellor organización da mostra.

O prazo de inscrición ábrese co envío deste correo e finalizará o xoves 6 de xuño ás 12:00.

A XUNTA DIRECTIVA

Cambados, 30 de abril de 2024

II Feira Náutica do Freixo

Do 28 ao 30 de xuño de 2024

FICHA DE INSCRICIÓN

Enviar xunto cunha **foto actual do barco** a secretaria@culturmar.org

Prazo: até o 06/06/2024 ás 12:00

BARCO			FOLIO		
COLECTIVO			Nº TOTAL DE TRIPULANTES		
NOME DA PERSOA RESPONSÁBEL			MÓBIL DE CONTACTO		
RESERVA XANTARES / CEAS	XANTAR VENRES	CEA VENRES	XANTAR SÁBADO	CEA SÁBADO	XANTAR DOMINGO
Nº					
TIPOLOXÍA			TIPO DE VELA(S)		
ESLORA		MANGA		CALADO	
BREVE INFORMACIÓN DO BARCO Nota: xuntar en arquivo aparte unha foto actual do barco.					
OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER ESPECIAL (BARCOS OU TRIPULANTES) Anotar aquí, entre outras observacións, se o barco se apunta á Mariña Seca e, nese caso, se hai algún tripulante para as visitas guiadas á mesma.					